***Xabier Cid***
***University of Stirling***
***xabier@xabiercid.eu***

Por favor,
deixade os móbiles encendidos

# *Que tecnoloxía usamos?*

Imos facer un pequeno test sobre o uso de tecnoloxía nas nosas aulas, para saber de que punto partimos.

Non se trata de dar a resposta correcta, senón de falar e debater.

Todo o que non entendas, pregúntao sen medo.

## *Que tecnoloxía usamos?*

# *1. Se a un ou a unha estudante lle soa o móbil en clase...*

- Mandámolo fóra
- Interrompemos a clase e pregámoslles que non volva suceder
- Decidimos implantar unha norma que prohiba os móbiles en clase
- Non facemos nada

*Que tecnoloxía usamos?*

# *2. Se un ou unha estudante chega co portátil á clase e empeza a tomar notas...*

- Desconcéntraste polo ruído e pídelles que o apague
- Pensas que é un flipado ou un friqui
- Pregúntaslle que sistema usa, para pasarlle os documentos directamente
- Pregúntaste se a túa clase ten enchufes abondos para cargar a batería

## *Que tecnoloxía usamos?*

# *3. Se a un ou unha estudante lle morre a avoa en Malaísia e perde as clases durante unha semana...*

- Pásaslle o informe de ausencias á secretaría
- Pídeslle que fotocopie os apuntamentos dos seus compañeiros
- Gravas as túas clases desa semana e méte-las nun DVD en formato mp3
- Dáslle o pésame

## *Que tecnoloxía usamos?*

# *4. Se un ou unha estudante rompe o pulso xogando ao pádel...*

- Alégraste, porque a quen se lle ocorre xogar ao pádel
- Recoméndaslle un compoñedor e mantés a planificación da clase
- Pensas en substituír o traballo final escrito por un en vídeo

*Que tecnoloxía usamos?*

# *5. Se un ou unha estudante aparece cunha gravadora en clase e empeza a rexistrar o que dis...*

- Asústaste e mides as túas palabras
- Acodes aos servizos legais da Universidade para saber se é legal
- Pídeslle que che dea unha copia
- Pídeslle que lles distribúa as gravacións aos compañeiros

*Que tecnoloxía usamos?*

# *6. Se un ou unha compañeira do teu departamento propón a compra dunha playstation...*

- Pensas que a xente ten un descaro bravo
- Pensas na hora libre que tes o mércores ás 11
- Pensas que é un ou unha inútil, e pregúntaslle por que non prefire a Wii
- Pregúntaslle cal é a aplicación didáctica que lle vai facer

*Que tecnoloxía usamos?*

# *7. Que fas coa canción de GranPurismo cando remata a clase?*

- Escóitala ti na casa ao facer a cea porque che aleda moito a cabeza
- Cólgala na intranet da universidade
- Non a colgas na intranet da universidade por cuestións de copyright, pero envíaslles o mp3 aos teus estudantes

*Que tecnoloxía usamos?*

# *8. Aplicas nas túas clases a reforma normativa de 2003?*

- Si
- Non
- Quizabes

## *Que tecnoloxía usamos?*

**E por que estamos pendentes de trocos producidos en 2003 e non usamos na clase tecnoloxías que teñen dez ou quince anos?**

# *A parte evanxelista*

A aula non é un couto de caza nin un gueto tecnófobo. Todo o que sucede fóra pode (e debe) suceder dentro.

Os nosos estudantes e nós usamos unha gran cantidade de tecnoloxías da comunicación fóra da aula, pero non o facemos dentro dela. Por que?

Non son "novas" tecnoloxías. Son tecnoloxías.

## *Por que este obradoiro é inútil?*

## *Por que este obradoiro é inútil*

— Distintos sistemas operativos: Mac, PC, Linux
— Distintos soportes de consulta de información: móbil, playstation, PDA...
— Distinto software
— Innovación constante: non hai receitas máxicas: hai receitas para hoxe, nestas circunstancias

***Podemos facer que este obradoiro sexa algo útil?***

# *Propostas didácticas*

O enfoque por tarefas dinos que temos que aprender a expresar a nosa idade, non a saber cales son os números. Pero agora imos facer unha pequena trampa para que isto funcione.

Vouvos presentar algúns obxectivos didácticos, que non son exactamente tarefas. E vós ides, por grupos, facer unha pequena planificación de microtarefas / actividades: **<u>que faría para que os meus estudantes aprendesen a dicir unha data?</u>**

Hai que pensar cando menos 3 microtarefas / actividades. Temos 10 minutos.

# *Propostas didácticas*

A. Como expresar as datas

B. Como interaccionar nun bar

C. Como manexar información sobre lugares e expresala correctamente

D. Como expresar os movementos

E. Como presentarse

# *A parte evanxelista (final, se dá tempo)*

O gran combate do século XXI

O *copyright* e o *fair use*

Por que os nosos estudantes odian cando os profes de español, francés, etc. os levan á sala de computadores?

***Xabier Cid***
***University of Stirling***
***xabier@xabiercid.eu***